



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO E O CONCELLO DE NEDA PARA A XESTIÓN DO ALBERGUE DE PEREGRINOS DE NEDA SITO EN RÚA MARISMAS S/N

19 de maio de 2020

### REUNIDOS

Dunha parte:  
e doutra parte:

### INTERVEÑEN

O primeiro no nome e representación, en calidade de alcalde do Concello de NEDA (en adiante, “concello”), actúa en virtude do seu expresado cargo, consonte ao artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, das bases do réxime local.

A segunda, no nome e representación, en calidade de Conselleira delegada e apoderada da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo (en adiante “S.A.”), con C.I.F. A - 15348386, e domicilio na Estrada Santiago-Noia. Km 3. A Barcia. 15897 Santiago de Compostela, A Coruña.

Ambas as dúas partes, segundo interveñen, recoñécense personalidade xurídica e capacidade necesaria para o presente outorgamento de convenio de colaboración, e

### MANIFESTAN

PRIMEIRO: Que a S.A. é propietaria dun inmovible en Lugar de Marismas s/n, Concello de NEDA que se utiliza como albergue de peregrinos do Camiño de Santiago.

SEGUNDO: O Camiño de Santiago está a experimentar nos últimos anos un importante desenvolvemento que atrae cada ano a un elevado número de peregrinos.

Xunto a súa relevancia como itinerario espiritual, natural e cultural e dos seus valores patrimoniais e paisaxísticos asociados, o Camiño de Santiago contribúe ao desenvolvemento sostible dos concellos polos que discorre e constitúe un elemento identificador de Galicia no exterior.

O Plan Director e Estratéxico do Camiño de Santiago, 2015-2021, aprobado pola Xunta de Galicia con data de 5 de outubro de 2015. Un dos principais valores que identifica á peregrinación xacobeá é a hospitalidade aos peregrinos.

Para desenvolver esta acollida e hospitalidade a Xunta de Galicia conta cunha rede pública de albergues de peregrinos, á que pertence o devandito albergue de peregrinos.





Consonte o artigo dous (Obxecto social) dos estatutos da S.A., constitúe, entre outros, o seu obxecto “a realización de actividades dirixidas á xestión dos servizos comúns da rede publica de albergues”. Para a persecución do seu obxecto social a S.A. realizará, segundo o devandito artigo dous, as seguintes actividades:

a) A xestión dos ingresos e gastos derivados do funcionamento da rede pública de albergues e do resto de edificios da entidade.

b) A contratación, seguimento e xestión dos servizos de mantemento, seguranza, limpeza, atención así como todos aqueles que sexan necesarios para o correcto funcionamento da rede pública de albergues e do resto do patrimonio da entidade”.

TERCEIRO: Que é de interese para o concello e para a S.A. colaborar para que o devandito albergue cumpra a súa función de interese social do mellor xeito posible.

Por todo o dito, ambas as partes asinantes acordan subscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

Constitúe o obxecto deste convenio regular a xestión do albergue de peregrinos de NEDA, situado Rúa Marismas S/N no Concello de Neda, que en virtude deste convenio será xestionado polo concello.

### SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1.-O concello terá ao seu cargo todos os gastos de conservación, mantemento e funcionamento do albergue de Neda, dispoñendo ao mesmo tempo do persoal necesario para atendelo segundo a normativa vixente.

Así mesmo, o concello deberá cumprir coas instrucións que se fixarán pola S.A. relativas á organización e funcionamento do albergue, e observará en todo momento as normas aprobadas pola S.A. no referente á utilización de albergues, e demais normativa vixente.

2.-A S.A., en calidade de propietaria do albergue, faise cargo de todos os gastos extraordinarios que xere o mesmo, como poden ser aqueles derivados de mellora das instalacións, reparacións estruturais, etcétera, en definitiva aqueles que se entendan fóra do mantemento común do edificio e instalacións.

### TERCEIRA.- PREZOS DA ESTANCIA NOS ALBERGUES DE PEREGRINOS

Para a financiamento dos gastos derivados do funcionamento do albergue a S.A. establece un prezo para a utilización dos albergues en toda a rede publica de albergues de peregrinos da Xunta de Galicia.





O concello comprométese á venda dos bonos proporcionados pola S.A. para a utilización do albergue polos peregrinos. Ingresará o resultado da recadación obtida na conta designada pola S.A.

A S.A. abonará as 2/3 partes da recadación obtida no devandito albergue ao concello de NEDA para contribuír aos gastos asumidos en virtude do presente Convenio.

O 1/3 da recadación será en beneficio da S.A. como titular da rede pública de albergues.

A S.A. resérvase o dereito a modificar o prezo establecido para a utilización dos albergues.

#### CUARTA.- INSTRUCCIÓN DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

A S.A. fixará os termos necesarios mediante os que se rexerá a organización e funcionamento do albergue, comunicándolle ao concello as instrucións precisas para levalo a cabo.

#### QUINTA.- DESTINOS DO ALBERGUE

Para lograr unha óptima utilización do albergue, e sempre que non se interfira o destino principal de acollida de peregrinos, o concello poderá realizar actividades que teñan relación co Camiño de Santiago e a cultura xacobeá ou calquera outra actividade que redunde nos intereses xerais dos veciños e dos peregrinos.

En calquera caso e para o seu coñecemento e autorización o concello deberá comunicalo á S.A.

En ningún momento poderá destinarse o albergue para fins distintos dos de interese social ou utilidade pública para o que foi creado.

#### SEXTA.- SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

O concello deberá ter subscrito un Seguro de Responsabilidade Civil para cubrir os danos a terceiros, así como os danos materiais que se poidan ocasionar no albergue.

#### SÉTIMA.- DEREITOS SOBRE O ALBERGUE E INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non afecta á titularidade do albergue, que ostenta a S.A., e non supón ningún deixamento de dereitos respecto á titularidade que ostenta a S.A., e non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a esta S.A. e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

#### OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado polo Concello e por un representante designado pola S.A..





A súa actuación axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### NOVENA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

O presente convenio só poderá modificarse co acordo unánime dos asinantes.

#### DÉCIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do presente convenio:

- O transcurso do prazo de vixencia e no seu caso da prórroga acordada,
- O acordo unánime dos asinantes.,
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes,
- O incumprimento por parte do concello das cláusulas reflectidas no convenio e especialmente de calquera das seguintes:
  - Non seguir os criterios de organización e funcionamento do albergue establecidos pola S.A.
  - Destinar o albergue a fins distintos dos de interese social ou utilidade pública para o que foi creado, segundo o disposto na cláusula cuarta.
  - Non realizar o mantemento e conservación do albergue, non sendo necesario o requirimento previo pola S.A.

#### DÉCIMO PRIMEIRA.- VIXENCIA

O presente convenio terá unha vixencia de catro anos a contar desde a sinatura do mesmo, podendo ser prorrogado por un prazo igual de tempo.

#### DÉCIMO SEGUNDA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, que o exclúe expresamente no artigo 6, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado, así como toda a normativa sectorial aplicable.

A Xurisdición aplicable para a resolución das cuestións litixiosas que poidan xurdir será a xurisdición contenciosa administrativa.





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE  
CULTURA E TURISMO

S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO  
Estrada Santiago-Noia, km 3  
A Barcia, 15897, Santiago de Compostela  
[www.caminodesantiago.gal](http://www.caminodesantiago.gal)



#### DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE DO CONVENIO.

O concello autoriza a publicidade dos datos relevantes deste convenio nos termos previstos na disposición adicional do Decreto 132/2006 do 27 de xullo polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005 do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2006, así como no relativo á aplicación da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro que regula a transparencia e o bo goberno no ámbito da Administración pública de Galicia no seu artigo 15.

E, en proba de conformidade ámbalas partes asinan o presente Convenio por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Polo Concello de NEDA

Pola Sociedade Anónima de Xestión do  
Plan Xacobeo



**Xacobeo 2021**